



AGFA
do Eume



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

X FEIRA RURAL DE SAN SADURNIÑO

Bases do concurso de Froita Autóctona

O Concello de San Sadurniño, en convenio coa AGFA do Eume, de cara á promoción da froita autóctona, convoca para o 25 de agosto de 2018 o Concurso de froita das hortas tradicionais das comarcas do Eume, Ferrolterra e o seu contorno, de conformidade coas seguintes bases:

REQUISITOS:

1. Poderá participar calquera persoa, afeccionada ou interesada na posta en valor das nosas hortas, en representación propia.
2. A cada lote, unha vez inscrita, asignaráselle pola Comisión de Inscripción, unha ficha técnica e un número de participación.
3. Non está limitado o número de lotes por participante, sempre que se cumpran as Bases do Concurso. Só se pode presentar unha persoa representante e recibir un premio por unidade familiar.
4. O lote estará formado por froita dunha mesma variedade e cun peso mínimo de 2 Kg, procedente de hortas tradicionais das comarcas do Eume, Ferrol, Ortegal e Betanzos. Para determinadas variedades o xurado pode admitir un peso inferior.
5. Poden presentarse ó concurso variedades de froita antigas e variedades recentemente incorporadas.
6. A presentación e retirada dos lotes que se presenten no concurso será por conta das persoas concursantes.
7. A persoas concursantes deberanse presentar na Feira á Comisión de Inscripción, entre as 10:30 e as 11:30 horas, reservándose a organización o dereito de variar o horario en función do número de participantes, e na que deberán encher unha ficha cos seguintes datos: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto, así como a horta de procedencia da froita.
8. A Comisión de Inscripción estará formada por 2 persoas expertas da AGFA e unha en representación do Concello.

XURADO E PREMIOS:

9. Para ditar o fallo constituirase un xurado formado por 1 persoa representante do Concello de San Sadurniño e 2 representantes da AGFA do Eume.
10. As follas de inscrición de participantes, follas de valoración e acta do concurso, unha vez pechado o período de impugnación, serán custodiadas pola AGFA.
11. Ás 11:30 horas o xurado pasará a cualificar os lotes presentados a concurso e ás 13:00 horas darase lectura dos lotes premiados, así como, realizarase a entrega de premios no caso de non haber impugnacións. En caso de haber serán entregados 1/2 hora máis tarde de resoltas as impugnacións. O xurado poderá facer unha preselección de cestos en función da súa calidade.
12. Dotaranse os seguintes premios:
 - 1º Premio: Cesto de produtos ecolóxicos valorado en 100,00 euros
 - 2º Premio: Cesto de produtos ecolóxicos valorado en 75,00 euros
 - 3º Premio: Cesto de produtos ecolóxicos valorado en 50,00 eurosPremios á participación: Agasallo de froiteiras autóctonas.
13. Os lotes premiados pasarán a disposición da organización para ser sumados ós cestos de froita da exposición da AGFA do Eume, a sortear na Feira.
14. Tomando como referencia as Bases do concurso, os premios poden ser impugnados na propia Feira no prazo de 1/4 hora a seguir da lectura dos premios.

IMPUGNACIÓNS E ACEPTACIÓN DAS BASES:

15. Un Xurado formado por persoas representantes do Xurado de Cualificación e Comisión de Inscripción avaliará a impugnación e responderá nun prazo de 1/4 hora terminado o prazo de impugnación. No caso de ser aceptada a impugnación o premio pasará ó seguinte valorado. Con tal motivo os premios só poderán retirarse terminado o prazo de impugnación.
16. A participación no concurso supón a aceptación plena das presentes Bases. Calquera



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

circunstancia non prevista nas mesmas, ou cantas dúbidas interpretativas se presenten, serán resoltas segundo o criterio da organización do evento.

PUNTUACIÓN:

O Xurado, sobre os lotes presentados, preseleccionará un mínimo de tres, dos que se valorarán as características organolépticas e morfolóxicas para determinar os que acadan o premio, consonte a seguinte táboa:

IDENTIFICACIÓN DA VARIEDADE (ACUMULABLE)	3
VARIEDADE AUTÓCTONA OU ANTIGA	1 5
VARIEDADES RECÉN INCORPORADAS	1
VARIEDADE EN EXTINCIÓN (ACUMULABLE)	5
PRESENTACIÓN E COMPOSICIÓN DE FROITAS	0 A 15
COR	0 A 8
FORMA	0 A 8
MADUREZ	0 A 8
TAMAÑO	0 A 8
CARNE	0 A 8
SABOR	0 A 15
PEL, DEFECTOS E ENFERMIDADES	0 A 15
ARRECENDO	0 A 6

DINÁMICA E FUNCIONAMENTO:

Das 10:30 ás 11:30 horas farase a acollida ó recinto nunha área identificada como “inscrición de participantes”. No caso de non facelo antes, encherase a ficha de inscrición e entregárase á Comisión de Inscrición. Mostraranse os lotes de froita a concursar para ser recoñecidos pola Comisión, que elaborará unha ficha técnica e asignará un número que acompañará ó lote, e determinará un lugar de exposición para o concurso.

Os lotes da froita en concurso quedarán expostos para a valoración do xurado e o público asistente dende as 11:30 ás 13:30 horas.

Unha das pezas de cada lote preseleccionado estará a disposición do xurado, se así o considera necesario, para avaliar a carne, o sabor e o arrecendo.

Os lotes recoñecidos como premiados pasarán a formar parte da froita exposta pola AGFA do Eume e a sortear ás 19:45 horas.

Os restantes lotes con premios de participación quedarán a disposición dos concursantes.

Coa finalidade de favorecer a recuperación do mercado tradicional de froita, as persoas participantes poderán poñer á venda a súa froita.

DIRECTRICES XERAIS:

A presentación dos lotes debe facerse en cestos ou recipientes tradicionais. Non se permite presentar os lotes en caixas de firmas comerciais.

Os lotes e concursantes que incumpran as Bases do concurso poden ser penalizadas coa retirada dos lotes do concurso.

San Sadurniño, agosto de 2018

Asdo.: En representación do Concello de San Sadurniño e da AGFA do Eume

O Concelleiro de Desenvolvemento Local e
Participación Veciñal

Manuel Varela Mecías

O Presidente da AGFA

José Antonio Bellas Meizoso